



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico A Lei 40/2015 e o exercicio da competencia administrativa: manual para a desconcentración, delegación, avocación, encomenda e suplencia

CONVOCATORIA: Curso monográfico A Lei 40/2015 e o exercicio da competencia administrativa: manual para a desconcentración, delegación, avocación, encomenda e suplencia.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1
DATA MATRÍCULA: Do 13/04/2023 - 09:00h ao 20/04/2023 - 23:59h					

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as competencias exerceranas aqueles órganos que as teñan atribuídas como propias.

Con todo, esta mesma norma prevé, ao mesmo tempo, a posibilidade de acudir a técnicas de modulación competencial co fin de axilizar o funcionamento da Administración, incrementar a eficacia da súa actuación ou achegar a xestión pública á cidadanía. Estas figuras, que permiten flexibilizar este principio de irrenunciabilidade da competencia, son: a desconcentración, a delegación interorgánica, a avocación, a encomenda de xestión, a delegación de firma e a suplencia.

Poden, así, destacarse como obxectivos xerais do curso os seguintes:

- Estudo dos elementos que integran a competencia administrativa.
- Análise das distintas figuras de modulación competencial e o seu réxime xurídico.
- Exame dos vicios que poden afectar o acto, derivados dun defecto competencial, e as súas consecuencias.

Como obxectivo específico estudaranse situacións concretas que pode xerar a actividade administrativa cotiá e que poden facer conveniente o uso destas técnicas, en especial, a delegación e a suplencia.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, dos subgrupos A1 e A2 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Os temas principais de estudo e análise deste curso clasifícanse nos seguintes módulos:

- Módulo I. A competencia e os seus elementos. Vicios de competencia e efectos.
- Módulo II. Desconcentración: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo III. Delegación: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo IV. Avocación: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo V. Encomenda de xestión: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo VI. Delegación de sinatura: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo VII. Suplencia: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Tal como se indica na base sexta da convocatoria:

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co requirido e establecido na base terceira convocatoria respecto das persoas destinatarias.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar no nome do curso: Curso monográfico A Lei 40/2015 e o exercicio da competencia administrativa: manual para a desconcentración, delegación, avocación, encomenda e suplencia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 26/04/2023 a 27/04/2023

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Joaquin Meseguer Yebra

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: O día 26 de abril de 09:30 a 14:00. O día 26 de abril de 16:00 a 19:00. O día 27 de abril de 09:30 a 14:00.

EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA